



ESTATUTOS

ASOCIACIÓN DE TURISMO RURAL, NATUREZA, DEPORTE, CULTURA E OCIO “OURO VERDE”

CAPITULO I: CONSTITUCIÓN, SEDE, FINS E ÁMBITO

Artigo 1. - Constitúese en Lalín – Pontevedra, de conformidade co artigo 22 da constitución española e a vixente Lei Orgánica 1/2002 do 22 de marzo reguladora do Dereito de Asociacións, esta Asociación que se denomina:

ASOCIACIÓN DE TURISMO RURAL, NATUREZA, CULTURA E OCIO “OURO VERDE”

Artigo 2. – A Asociación ten a súa sede social en:

C/ Alcalde Ferreiro, nº 12, entresuelo 36500-Lalín, Pontevedra

Artigo 3. – O ámbito territorial da Asociación será o correspondente aos términos municipais que integran a comarca de Deza (Agolada, Dozón, Lalín, Rodeiro, Silleda e Vila de Cruces), na provincia de Pontevedra, sen que a circunstancia de non residir na mesma sexa obstáculo para ser admitido como asociado. A súa acción pode non obstante, estenderse a toda a comunidade autónoma e o resto de territorio nacional cando o órgano reitor, trala previa análise o considere convinte.

Artigo 4. – Esta asociación é de carácter indefinido, representativo, de libre adhesión, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins.

Artigo 5. – A ASOCIACIÓN DE TURISMO RURAL, NATUREZA, DEPORTE CULTURA E OCIO “OURO VERDE” ten por obxectivo promover e apoiar ós



asociados, todos eles propietarios, representantes de aloxamentos de turismo rural, do ocio activo, da natureza, a etnografía, a cultura e outras empresas vencelladas ó eido rural, defendendo solidariamente os intereses dos seus titulares e desenvolvendo, incentivando e promovendo todas estas actividades que no seu seno teñen obxecto: o turismo rural, as actividades museísticas, deportivas, culturais, medioambientais e de ocio na comarca de Deza.

Para a consecución deste obxectivo e outros, que conforme a Lei e presentes Estatutos puideran determinarse no futuro, a Asociación desenvolverá as seguintes actividades conforme as súas dispoñibilidades económicas e as prioridades establecidas pola Asemblea Xeral:

- a)** Desenvolver relacións públicas e de representación necesarias para defensa dos intereses dos asociados ante calquera organismo, tanto público como privado.
- b)** Fomentar a recuperación e mantemento de aspectos históricos, tradicionais e culturais da zona na que se atopan os asociados: folclore, feiras, artesanía, costumes, paisaxe e medio ambiente e demais aspectos enriquecedores da cultura comarcal e galega.
- c)** Procurar e fomentar as relacións entre os distintos asociados e da asociación con outros sectores produtivos de interese da comarca.
- d)** Colaborar coas distintas administracións e promover os contactos necesarios para o establecemento de relacións e asinamentos de convenios cando sexa necesario e beneficioso para o sector.
- e)** Actuar como transmisor de información de interese para os asociados e beneficiosa para o turismo rural e as demais actividades que desde a Asociación se promoven.
- f)** Incentivar e colaborar, na medida do posible, en todo tipo de iniciativas culturais, deportivas, folclóricas e artesanais que beneficien directa ou indirectamente ó sector.
- g)** Procurar a formación profesional específica para o desenvolvemento do sector e dos seus asociados.
- h)** Promover todas aquelas actividades e accións tendentes á mellora dos obxectivos desta Asociación en calquera das súas diversidades e localizacións dentro do territorio.



- i) Colaborar na protección, recuperación e mellora da riqueza medioambiental da comarca de Deza, tanto de xeito individual como en colaboración con outras entidades.
- j) Impulsar e potenciar a promoción da Vía da Prata.
- k) Solicitar e xestionar axudas e subvencións ante distintos organismos públicos e privados que redunden en beneficio do sector.
- l) Promocionar o sector a través da organización de conferencias, exposicións, publicacións e calquera outra actividade.

CAPITULO II: DOS ORGANOS DIRECTIVOS E DA FORMA DA ADMINISTRACIÓN

Artigo 6. – A dirección e administración da Asociación serán exercidas por:

Asemblea Xeral / Xunta Directiva / Presidente

Artigo 7. – A Asemblea Xeral será o órgano supremo da Asociación integrada polos socios e adoptará os seus acordos polo principio maioritario.

Artigo 8. – Tódolos asuntos propios da Asociación poderán debaterse na Asemblea Xeral e os seus acordos serán preceptivos sempre nos seguintes casos:

- a) Designar os membros da Xunta Directiva, os seus cargos, e acordar no seu caso o seu cese anticipado.
- b) Examinar a xestión da Xunta Directiva, aprobar as Contas, Balances, así como a Memoria das actividades da Asociación, os Orzamentos e actividades que se propoñan pola Xunta Directiva para o exercicio seguinte.
- c) Acordar novas aportacións obrigatorias, tanto periódicas como non periódicas.
- d) Modificar os Estatutos da Asociación.
- e) Decidir sobre os acordos de suspensión dos dereitos dos socios, ou sobre os acordos de imposición de outras sancións por faltas.



- f) Acordar a disolución da Asociación, o nomeamento ou cese dos liquidadores e aprobar a liquidación.
- g) Esixir en calquera intre, contas de actuación dos membros da Xunta Directiva.
- h) Acordar a cesión, traspaso ou venda de todos ou algúns dos centros de traballo, bens, dereitos ou actividades dunha Federación.
- i) Acordar a participación en Federacións se existisen ou acordar con outras asociacións a fundación dunha Federación.
- j) Aqueles outros en que así o estableza a Lei de Asociacións e disposicións complementarias, ou os presentes estatutos.

Artigo 9. – A Asemblea Xeral reunirase:

- Con carácter ordinario, obrigatoriamente, unha vez ó ano antes do 30 de xuño, para examinar a xestión e aprobar, se procede, as contas, o balance e a memoria de actividades, así como o presuposto e actividades que a Xunta Directiva propoña para o seguinte exercicio e a formalización do estado de contas. Poderán incluírse dentro da orden do día desta Asemblea Xeral Ordinaria toda clase de asuntos relacionados co funcionamento da Asociación e coa participación dos asociados nas actividades da mesma. É obrigación da Xunta Directiva convocar esta Asemblea Xeral en sesión ordinaria.
- Con carácter extraordinario, convocada pola Xunta Directiva, cando esta o estime necesario e convinte para os intereses da Asociación, ou o sexa solicitado por un número de socios que formen a metade máis un da totalidade.

Na Asemblea xeral, ordinaria e extraordinaria, terán preferencia os asuntos do día.

Artigo 10. – A Asemblea Xeral celebrará as súas sesións preferentemente na localidade do domicilio social da Asociación.

As convocatorias das Asembleas Xerais ordinarias, faranse por escrito expresando a orde do día, o lugar, data e hora da reunión. Entre a convocatoria e o día sinalado para a celebración da Asemblea Xeral, deberá mediar, ó menos oito días. Así mesmo establecerase a segunda



convocatoria da reunión 30 minutos despois da primeira. Tamén se poderá convocar a Asemblea Xeral durante a celebración da Asemblea Xeral anterior. No caso de convocatoria de Asemblea Xeral extraordinaria, esta convócase como mínimo con 48 horas de antelación e rexerán as especificidades anteriormente sinaladas na forma de convocatoria da Asemblea Xeral Ordinaria.

Artigo 11. – As Asembleas Xerais, tanto ordinarias como extraordinarias, quedarán validamente constituídas en primeira convocatoria cando concorran a elas, presentes ou representados, a metade máis un dos asociados, e en segunda convocatoria, calquera que sexa o número de asociados concorrentes.

Artigo 12. – Os acordos adoptaranse por maioría simple dos votos presentes na Asemblea Xeral. No caso de empate dirimirá o voto do Presidente, excepto nas votacións para as elección dos cargos da Xunta Directiva, nas que debe facerse unha nova votación sobre os candidatos que empatasen hasta que esta circunstancia desapareza.

Será necesaria maioría de dous terzos dos votos emitidos para:

- Esixir responsabilidades en calquera intre, pola súa actuación a membros da Xunta Directiva.
- Acordar a renovación, antes do cumprimento do prazo, dos nomeados da Xunta Directiva.
- Modificar os estatutos da Asociación.

Para acordala cesión, traspaso ou venda de todos ou algúns dos centros de traballo, bens, dereitos ou actividades da asociación que supoñan modificacións sustanciais na súa estrutura económica, organizativa ou funcional, estes asuntos deberán figurar coa debida separación na orde do día, e requirirase o acordo favorable dos dous terzos dos votos presentes, que non poderán supoñer un quorum de asistentes inferior a metade máis un do total dos membros que integren a asociación.

Artigo 13. – Exerцерán os cargos de Presidente e Secretario da Asemblea, as persoas que ostenten os mesmos na Xunta Directiva, conforme ó



disposto nos artigos seguintes. Na ausencia de ditos titulares, tomarán o seu posto para o exercicio destes cargos durante a Asemblea da que se trate, dous membros da Xunta Directiva, elixíndose os de maior antigüedad (preferentemente o de maior idade).

Artigo 14. – A Xunta Directiva estará composta por un Presidente, un Vicepresidente, un Secretario, un Tesoureiro e seis vocais.

Artigo 15. – Os cargos que compoñen a Xunta Directiva serán gratuítos, elixiranse pola Asemblea Xeral e durarán un período de dous anos podendo ser reelixidos tódolos seus membros.

Artigo 16. – É función da Xunta Directiva programar e dirixir as actividades sociais e a xestión administrativa e económica da Asociación, someter á aprobación da Asemblea Xeral o presuposto anual de ingresos e gastos, así como o estado das contas do ano anterior.

Artigo 17. – É función, tamén da Xunta Directiva, a vixilancia e control do cumprimento das normas mínimas establecidas por esta Asociación para garantir o nivel de calidade dos servizos prestados e ofertados polos asociados.

Artigo 18. – Os membros da Xunta Directiva serán elixidos todos eles en Asemblea Xeral entre os socios da Asociación en votación secreta.

A composición da Xunta Directiva deberá reflexar, en todo momento, e de xeito proporcional, os diferentes ámbitos e sectores de actividade que en esta Asociación teñen cabida (Turismo Rural, Cultura, Etnografía, Natureza, Medioambiente, Deporte e Ocio) para a salvagarda do axeitado equilibrio de intereses dos diferentes colectivos que conforman a presente Asociación.

O desempeño dos cargos da Xunta Directiva é obrigatorio, salvo xusta causa.

A Asemblea Xeral, con expresa constancia na orde do día, poderá revocar o nomeamento dos membros da Xunta Directiva por causa xusta antes do vencemento do prazo polo que foron nomeados, coa maioría de dous tercios da Asemblea validamente constituída.



Cando se produza unha vacante definitiva dalgún membro titular da Xunta Directiva, os membros que permanezan nesta, designarán a un socio para que cubra a vacante. Na seguinte Asemblea Xeral que se convoque, sexa ordinario ou extraordinaria, a vacante ou vacantes producidas, cubriranse co procedemento de elección dos membros da Xunta Directiva. Se a vacante se producise no cargo de Presidente, Tesoureiro ou tres ou máis membros da Xunta Directiva, convocarase á Asemblea Xeral, dentro dun período non superior ó que reste do mes no que se produce a vacante e o mes seguinte, para cubrir aquela ou aquelas vacantes polo tempo restante do mandato dos membros que causaron baixa.

O exercicio do cargo de membro da Xunta Directiva non dará dereito a retribución ningunha, salvo a compensación polos gastos que o seu desempeño orixine, todo elo segundo o acordado pola Asemblea Xeral.

Se o exercicio do cargo levase aparelladas actividades de xestión directa, poderá ser retribuído e a Asemblea Xeral fixará a contía da correspondente retribución.

Artigo 19. – A Xunta Directiva celebrará as súas sesións cantas veces o determine o Presidente ou Vicepresidente, a iniciativa propia ou a petición de calquera dos seus compoñentes. Será presidida polo Presidente e en ausencia do mesmo, polo vicepresidente ou secretario, por este orden, e a falta de ámbolos dous, polo membro da Xunta Directiva de maior idade.

A Xunta Directiva deberá reunirse, como mínimo, con periodicidade trimestral.

Para que os acordos da Xunta Directiva sexan válidos deberán ser adoptados por maioría dos votos dos asistentes, sendo necesaria a concorrencia, a lo menos de tres do seus membros.

Das decisións o Secretario levantará acta, que se transcribirá o Libro de Actas.

Artigo 20. – Non poden ser membros da Xunta Directiva:

- Os menores de idade e os incapaces



Artigo 21. – Os membros da Xunta Directiva desempeñarán os seus cargos coa dilixencia que corresponde a un representante leal e ordenado xestor, e responderán fronte á Asociación ós asociados do dano causado pola malicia, abuso de facultades ou negligencia inescusable. En calquera caso, estarán exentos de responsabilidade os membros da Xunta Directiva que salvaran expresamente o seu voto nos acordos que ocasionaran o dano.

A acción de responsabilidade contra os membros da Xunta Directiva, poderá ser exercida en calquera momento pola Asemblea Xeral e prescribirá ó ano a contar dende o momento en que puido ser exercida.

Artigo 22. – O Presidente da asociación terá atribuída no nome da Xunta Directiva a representación e goberno da Asociación e a Presidencia da Xunta Directiva e da Asemblea Xeral.

O exercicio da representación polo Presidente axustarase ás decisións validamente adoptadas pola Xunta Directiva.

En tal concepto correspóndelle:

1. Representar á Asociación en toda clase de actos
2. Convocar e presidir as sesións e reunións dos órganos sociais, Asemblea Xeral e Xunta Directiva.
3. Asinar co Secretario as actas das sesións, as certificacións e demais documentos que determine a Xunta Directiva.
4. Adoptar nos casos de gravidade as medidas urxentes que razoablemente estime precisas, dando conta inmediatamente das mesmas á Xunta Directiva, que resolverá sobre a procedencia de sometelo á Asemblea Xeral, en cuxo caso poderá convocar inmediatamente a Asemblea para que esta resolva definitivamente sobre aquelas medidas provisionais.

Artigo 23. – Corresponde ó Vicepresidente substituír ó Presidente no caso de ausencia do mesmo, e asumir as funcións que este lle delegara conforme ó establecido no artigo 22 dos presentes estatutos.

Artigo 24. – O Secretario ten as seguintes competencias:



1. Llevar e custodiar o ficheiro de asociados e libro de rexistro dos mesmos, así como os de actas da Asemblea Xeral e da Xunta Directiva.
2. Redactar de forma circunstanciada a acta de sesións da Xunta Directiva e da Asemblea Xeral na que actúa como Secretario. Na Acta relacionarase ó menos o número de asistentes e o resultado dos temas votados.
3. Librar certificacións autorizadas coa firma do Presidente con referencia ós libros e documentos sociais.
4. Efectuar as notificacións que procedan dos acordos adoptados pola Asemblea Xeral e pola Xunta Directiva.

As anteriores competencias serán asumidas polo primeiro vocal en caso de imposibilidade de exercicio das mesmas polo Secretario titular, sempre coa debida xustificación.

Artigo 25. – O Tesoureiro recadará e custodiará os fondos pertencentes á Asociación, dará cumprimento ás ordes de pagamento que expida o Presidente, dirixirá a contabilidade da Asociación, tomará razón e levará conta dos ingresos e dos gastos asociativos, e participará en tódalas operacións de orde económico.

Estas funcións e obrigas do Tesoureiro, serán asumidas polo segundo vocal en caso de imposibilidade de exercicio das mesmas polo Tesoureiro titular, sempre coa debida xustificación.

Artigo 26. – Os Vocais realizarán:

- Programas e propostas na súa área de actuación.
- Desempeñarán os traballos que lles sexan encomendados pola Xunta Directiva, os Estatutos da Asociación e as Leis que lles sexan aplicables.

CAPÍTULO III: DOS SOCIOS, DEREITOS E OBRIGAS

Artigo 27. – A ASOCIACIÓN DE TURISMO RURAL, NATURZA, DEPORTE, CULTURA E OCIO “OURO VERDE” terá as seguintes clases de asociados:



- Socios fundadores
- Socios numerarios
- Socios protectores

Artigo 28. – Serán socios fundadores as persoas que causaran alta como tales na Asociación no momento da súa constitución e aboem a cota de inscrición mínima de 100 euros a partir desta data.

Artigo 29. – Serán socios numerarios todas aquelas persoas que estean interesadas nos fins da Asociación, realicen unha actividade relacionada co turismo rural, cultura, natureza e ocio, e soliciten o ingreso na mesma á Xunta Directiva e sexan admitidas por esta a partir da data de constitución; o ingreso suporá o pago da cota correspondente. O importe das cotas fixadas anteriormente poderá ser incrementado pola Xunta Directiva dando conta á Asemblea Xeral e sendo acordado pola mesma.

Artigo 30. – Serán socios protectores, as persoas físicas ou xurídicas, que a proposta da Xunta Directiva da Asociación ou dun número non inferior a metade máis un dos membros asociados presentes na Asemblea Xeral, sexan nomeados como tales, en base os seus especiais méritos na defensa do patrimonio cultural, natural e etnográfico, a súa conservación e recuperación.

Artigo 31. – Tódolos asociados terán os mesmos dereitos e deberes, independentemente dos seus cargos.

Artigo 32. – Serán dereitos dos socios:

1. Elixir e ser elixido para o desempeño de calquera cargo ou responsabilidade da asociación, en igualdade cos demais socios.
2. Asistir as Asembleas Xerais que se convoquen, tanto ordinarias como extraordinarias.
3. Emitir o seu voto e ser oído nas Asembleas con suxeición ó previsto nos presentes Estatutos.
4. Asistir e participar nos actos e actividades que desenvolva ou das que se beneficie a Asociación, sempre que cumpra os requisitos que no seu caso se establezan.



5. Obter información da Asemblea Xeral sobre o desenvolvemento do labor da Asociación sempre que non produza interrupcións da mesma, nin trámites innecesarios.
6. Ser oído con carácter previo á adopción de medidas disciplinarias contra él e ser informado dos feitos que dean lugar a tales medidas, debendo ser motivado o acordo que, no seu caso, imponha a sanción.
7. Impugnar os acordos dos órganos da Asociación que estime contrarios á Lei ou ós Estatutos.

Artigo 33. – Serán deberes dos socios:

1. Desempeñar os cargos para os que foi elixido na Xunta Directiva
2. Aboar as cotas correspondentes
3. Asistir a Asembleas da Xunta Xeral con voz e voto
4. Observar, tanto nas instalacións da Asociación, como nas súas relacións coa mesma, unha conduta correcta en tódalas ordes.
5. Someterse ós acordos e decisións tomados pola Asemblea Xeral ou pola Xunta Directiva, cumprindo canto en eles se dictamine.
6. Participar nas actividades que promove a Asociación prestando o seu apoio para a obtención da máxima eficacia e difusión das mesmas.
7. Cumprir e facer cumprir o establecido na Lei e Estatutos.
8. Non realizar actividades que poidan ir en contra da Asociación, os seus órganos ou membros.
9. Non manifestarse publicamente en termos que impliquen desprestixio social da Asociación.
10. Garantir que os servizos ofertados sexan imaxe fiel da realidade e cumpran os requisitos mínimos de calidade esixidos en cada momento pola normativa interna da Asociación.

Artigo 34. – Calquera socios pode causar baixa voluntariamente na asociación, previa notificación por escrito á Xunta Directiva cun mes de antelación á data na que se desexe causala baixa. Asimesmo, conforme ó establecido nos estatutos, calquera socio poderá causar baixa na Asociación por expulsión. O acordo de expulsión será sempre tomado pola Asemblea Xeral, a proposta da Xunta Directiva ou dun número de socios, en reunión



ordinaria ou extraordinaria, sendo necesario que voten a favor da expulsión a metade máis un dos socios da Asemblea.

Artigo 35. – A baixa como asociado, tanto si se produce de forma voluntaria como por expulsión, conleva a perda de toda clase de dereitos do membro que cause baixa, perdendo os beneficios que puidera ter recoñecidos na Asociación, mesmo os que estea desfrutando no momento da baixa.

Artigo 36. – A tódolos efectos, o reingreso dun socio que causara baixa, tanto de forma voluntaria como por expulsión, considerase como novo ingreso.

Exceptúanse os efectos citados no párrafo anterior, os relativos a reingreso de asociados que foron expulsados, requiríndose para a nova admisión que cesara na causa que motivou a expulsión, así como o voto favorable da maioría dos socios.

CAPITULO IV: DO RÉXIME ECONÓMICO

Artigo 37. – O Patrimonio Fundacional da Asociación estará constituído polos bens que figuran no Balance que anualmente se confeccione. O patrimonio incrementarase na medida que estableza a Asemblea Xeral, dependendo dos recursos económicos e patrimoniais que percibe a Asociación para os seus fins.

Artigo 38. – Para o desenvolvemento dos fins da Asociación, disporá dos seguintes recursos:

- As cotas dos socios, ordinarias e extraordinarias, na contía que determine a Asemblea Xeral.
- Donativos, herencias e legados dos que a Asociación pode ser beneficiaria.
- Subvencións de persoas físicas e xurídicas así como de calquera organismo do Estado, autonómico ou local.



- Os rendementos do seu patrimonio.
- Calquera tipo de ingreso que se acorde en Asemblea Xeral.

Artigo 39. - As herdanzas que puideran ser aceptadas pola Xunta Directiva para a Asociación serano sempre a beneficio do inventario, sendo responsabilidade da Xunta Directiva se fose aceptada doutra forma.

Artigo 40. - Os fondos sociais estarán depositados na entidade financeira que designe a Xunta Directiva. Para calquera disposición de fondos será preciso que o gasto que se orixine estea presupostado e xustificado das sinaturas do Presidente ou Vicepresidente e Tesoureiro da Xunta Directiva.

CAPITULO V: DA MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS

Artigo 41. - A modificación dos presentes estatutos solo poderá acordarse na Asemblea Xeral Extraordinaria, expresamente convocada para este efecto, pola Xunta Directiva ou en número igual ou superior á metade máis un dos asociados.

CAPITULO VI: DA DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN

Artigo 42. - A disolución da Asociación solo poderá acordarse na Asemblea Xeral Extraordinaria convocada para este fin, non podendo ter lugar dita disolución se non se acorda, cando menos, polas dúas terceiras partes dos socios concorrentes sempre que sexan a metade máis un dos socios.

Artigo 43. - No caso de acordarse a disolución da Asociación, a Asemblea Xeral, que determine a disolución nomeará unha comisión liquidadora, a cal se fará cargo dos fondos que existan, para que unha vez satisfeitas as obrigas, o remanente, se o houbera, se transfira a outra Asociación non lucrativa e inscrita na comarca de Deza que teña os mesmos ou semellantes fins cos desta Asociación.



CAPITULO VII: DEREITO SUPLETORIO

Artigo 44. – En todo o previsto nestes Estatutos aplicarase, con carácter supletorio ó disposto na lexislación vixente.

Lalín, a 12 de febreiro de 2008